

## NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA DO CONSERVATORIO

A entrada e utilización dos servicios da Biblioteca é libre e gratuita para os usuarios do Conservatorio, atendendo ó cumprimento das seguintes normas:

Para a utilización do **Servicio de Préstamo** a domicilio é necesario dispor do carné de lector, persoal e intransferible, que deberá presentar ó persoal da biblioteca para efectuar o préstamo.

Para a obtención do carné son necesarios os seguintes requisitos:

- Cubri-lo impreso de inscrición
- 1 fotografía tamaño carné
- Mostra-lo DNI. Os lectores menores de 14 anos, que non teñan un propio, presentarán o DNI dun dos pais ou titores.

### CONDICIÓNS

- ✓ Poderán utilizar o servicio da Biblioteca previa obtención do carné de lector, os profesores do Centro, os alumnos oficiais do Centro e as persoas autorizadas.
- ✓ A Biblioteca prestará servicios gratuitos de :
  - Lectura e consulta
  - Préstamos de Partituras e libros (únicamente dous de forma simultánea)
  - Préstamo de discos
- ✓ Prazos de devolución de préstamos
  - 7 días para discos
  - 7 días para partituras
  - 15 días para libros
- ✓ Sancións por demoras na devolución dos préstamos:
  - Suspensión do Servicio de préstamo durante un prazo igual a demora.
  - Retirada da condición de usuario por demoras reiteradas (máis de tres ó ano)
- ✓ Responsabilidade do usuario:
  - Conservación e o bon uso dos materiais de consulta ou préstamo é responsabilidade do solicitante.
  - As perdas e danos serán pagadas polo solicitante.
  - Non está permitido escribir nin efectuar anotación algunha sobre os materiais.
  - Os materiais prestados deberán utilizarse de acordo coa legislación vixente referida os Dereitos de Propiedade Intelectual.

### Quedan excluídos do préstamo:

- ❖ Obras de referencia : enciclopedias, dicionarios, etc...
- ❖ Revistas e outras publicacións periódicas
- ❖ Documentos antigos, raros e preciosos.
- ❖ Documentos modernos xa esgotados e difícilmente reemplazables.
- ❖ Documentos moi consultados, dos cales a biblioteca non teña máis dun exemplar.

**O PERSOAL DA BIBLIOTECA ESTÁ PARA ATENDELO.**

**PARA CALQUERA DÚBIDA, CONSULTA OU SUXERENCIA PREGUNTE Ó PERSONAL DA BIBLIOTECA.**